

# NORMATIVA DUATLON ESCOLAR 2016

## 1. INSCRICIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar formalizarase a través da páxina Web: [www.deportegalego.es](http://www.deportegalego.es)

A data de peche de inscrición é o 31 de xaneiro de 2016.

Para as fases provincial e galega, a inscrición para a competición deberá facerse con 10 días de antelación ao inicio da competición.

## 2. PARTICIPANTES

### INSCRICIÓN

Poderán participar nesta actividade, os centros escolares, as ANPA, agrupacións deportivas, escolas deportivas municipais, clubs deportivos e outras asociacións, nas competicións individual e por equipos das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete (masculino e feminino).

## 3. CATEGORÍAS

Categoría BENXAMÍN: feminino, masculino, nados nos anos 2007-2006.

Categoría ALEVÍN: feminino, masculino, nados nos anos 2005-2004.

Categoría INFANTIL: feminino, masculino, nados nos anos 2003-2002.

Categoría CADETE: feminino, masculino, nados nos anos 2001-2000.

Os equipos poden estar compostos por un máximo de seis persoas (rapaces ou rapazas), e puntuarán os/as 3 mellores.

## 4. DISTANCIAS A PERCORRER

| CATEGORÍAS |         |                      |         |
|------------|---------|----------------------|---------|
| Benxamín   | 500 m   | 2.000 m<br>bicicleta | 250 m   |
| Alevín     | 1.000 m | 4.000 m<br>bicicleta | 500 m   |
| Infantil   | 1.500 m | 6.000 m<br>bicicleta | 750 m   |
| Cadete     | 2.000 m | 8.000 m<br>bicicleta | 1.000 m |

## 5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

### Fase zonal

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete.

Realizaranse un máximo de 2 xornadas por provincia, ás que se poden anotar todos os deportistas e entidades que o desexen e que cumpran os requisitos de inscrición.

Serán dúas probas clasificatorias nas que clasificarán para a final Provincial os /as 25 primeiros/as nas probas clasificatorias a nivel individual. Non haberá clasificación por equipos.

### Campionato provincial

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete.

Participarán os/as clasificados/as a nivel individual nas fases previas que, de ter o número necesario de deportistas clasificados, poderán formar equipos para entrar na clasificación por equipos.

Clasificarán para a Final Galega os/as 8 primeiros/as a nivel individual e os 2 mellores equipos por categoría e sexo de cada Provincia.

No caso de que a participación no Provincial sexa inferior a 8, as prazas non cubertas para a Final Galega repartiranse proporcionalmente nas Provincias de máis participación

Non haberá invitacións.

### Campionato Galego

Categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete

Participarán na Final Galega os/as 8 primeiros/as a nivel individual e os 2 mellores equipos por categoría e sexo de cada Provincia.

## 6. REGRAS DE COMPETICIÓN

Esta modalidade combina a bicicleta coa carreira a pé.

### Ciclismo

Obrigatorio o uso correcto do casco e non se poderá utilizar no sector da carreira a pé.

## 7. DATAS

Campionato España de triatlón: sede e datas por determinar.

## 8. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Triatlón e Pentatlón Moderno, que se pode consultar na páxina web da federación: [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org)

É recomendable consultar a normativa específica de cada proba.

Así mesmo, na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: [deporte.xunta.es](http://deporte.xunta.es), e na do Programa Xogade: [xogade.xunta.es](http://xogade.xunta.es).